

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

PRAZAS DE RESIDENCIA NOS CENTROS RESIDENCIAIS DOCENTES DA CORUÑA, OURENSE E VIGO PARA REALIZAR ESTUDOS POSTOBRIGATORIOS NON UNIVERSITARIOS NO CURSO 2021-2022

Prazas de residencia nos centros residenciais docentes da Coruña, Ourense e Vigo, para alumnado que no curso académico 2021/22 inicie ou continúe estudos postobrigatorios non universitarios en centros docentes públicos ou privados concertados situados nos termos municipais da Coruña, Culleredo, Ourense e Vigo.

NA CORUÑA: **I.E.S. "UNIVERSIDADE LABORAL" (Culleredo) Centro Residencial Docente**

REQUISITOS:

- Persoas matriculadas en estudos postobrigatorios non universitarios en centros públicos ou privados concertados situados nos municipios da Coruña, Culleredo, Ourense e Vigo, no curso 2021/22.
- Non repetir curso; e, no caso de cambio de estudos, non ter abandonado dúas veces estudos iniciados para matricularse noutros estudos distintos. Excepcionalmente, por causas xustificadas, a Comisión de Valoración poderá eximir de forma motivada do cumprimento destes requisitos.
- A persoa solicitante deberá estar matriculada nunha concreta modalidade dun nivel educativo ou nunha familia profesional ou especialidade dun ciclo formativo, que:
 - Non se imparta en ningún centro sostido con fondos públicos da localidade galega de residencia habitual da unidade familiar a que pertenza.
 - E tampouco se imparta nunha localidade que, pola súa proximidade á de residencia habitual ou polos medios de comunicación dispoñibles, permita o desprazamento diario con facilidade.
 - Excepcionalmente, por circunstancias persoais ou familiares moi graves debidamente xustificadas, a Comisión de Valoración poderá eximir de forma motivada do cumprimento destes requisitos.
- As solicitudes valoraranse conforme criterios socioeconómicos e de rendemento académico. Os criterios socioeconómicos abranguen: composición da unidade familiar, orfandade ou calquera outra situación familiar especial; número de habitantes do lugar de residencia da unidade familiar e renda da unidade familiar. A renda da unidade familiar que se terá en conta é a do exercicio fiscal 2019 e obterase pola suma das rendas de cada un dos membros computables da familia que obteñan ingresos de calquera natureza.

DOTACIÓN: Adxudicación dunha praza gratuíta ou bonificada.

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

1. Para o alumnado matriculado en bacharelato, **ata o 9 de xullo de 2021** (este incluído).
 2. Para o alumnado matriculado en ciclos formativos, **ata o 2 de agosto de 2021** (este incluído).
- * **Prazo extraordinario:** no caso de prazas vacantes, do 14 ao 22 de setembro de 2021

MÁIS INFORMACIÓN:

Centro Residencial Docente da Coruña
Rúa Salvador Allende, nº 13. 15174 Culleredo
Correo electrónico: credo.coruna@edu.xunta.es
Telf. 981 667 836

<https://crdcoruna.es/>

CRD de Ourense: Avenida da Universidade 18, Ourense. Teléfono 988 602 165

CRD de Vigo: Estrada de Madrid 192, Vigo. Teléfono 986 262 500

www.edu.xunta.gal

PUBLICACIÓN: [DOG 16/06/2021](#)

Sede electrónica (sede.xunta.gal): [procedemento ED306A](#)

Espazos de Información Xuvenil do Concello da Coruña

Tel.: 981 184 294 ☎ 606 362 366

cmix@coruna.es www.coruna.gal/informacionxuvenil